



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

10 NOV. 2024 13:45:14

Entrada **48136**

Sobre a rehabilitación do antigo cárcere provincial da Coruña e a súa posterior cesión gratuíta

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á relativa á recuperación e rehabilitación do antigo cárcere provincial da Coruña e a súa posterior cesión gratuíta ao concello.**

O antigo cárcere da Coruña está situado nunha parcela que, no seu día, foi cedida polo concello. Esta edificación que en 2027 cumprirá un século de existencia, en 1998 deixou de ter uso carcerario, aínda que mantivo funcións de inserción social até o 2009.

Co obxectivo de recuperar os terreos, o concello da Coruña asinou un Acordo co Ministerio de Interior, mediante a Sociedade de Infraestruturas e Equipamentos Penitenciarios e da Seguridade do Estado (SIEPSE) en 2005 a cambio de ceder a parcela que ocupa o centro de inserción social de Monte Alto e pagar ademais unha cantidade cifrada en 1,2 millóns de euros.

Porén, nova documentación dos anos 20 sobre o acordo entre Estado e Concello para a construción do cárcere, feita pública en 2013, descubriu que se pactara que o edificio, cando xa non tivese uso carcerario debía reverter no Concello de forma gratuíta. A pesar da clareza dos documentos, SEIPSE decidiu acudir aos tribunais para reclamar o pagamento.

Aínda que en xullo do 2020, o Tribunal Supremo sentenciou que a reversión gratuíta non era posíbel, de forma paralela, a SEIPSE abriu unha segunda vía xudicial no ano 2014 que permaneceu paralizada en espera de se se podía alcanzar un acordo entre ambas as administracións.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

10 NOV. 2024 13:45:14

Entrada **48136**



La SEIPSE activou o ano pasado este procedemento segundo o cal demandaba ao concello case 15 millóns de euros por varios conceptos. Con todo, a sentenza que acaba de ditarse neste proceso dálle a razón ao concello e desestima a demanda da SEIPSE.

Así, o Xulgado de Primeira Instancia número cinco da Coruña vén de declarar nulo o Convenio de 2005 e indica que as Administracións non podían ter acordado o intercambio de parcelas pois non é posíbel a permuta de bens de dominio público, só de bens patrimoniais. O Xulgado indica que “a demandante non entregou nada ao concello, co que nada ten que devolver”. De igual maneira, en referencia aos gastos de mantemento, sinálase que “se trata dun ben que, como consecuencia da nulidade do convenio, é propiedade de SEIPSE”, a quen lle corresponde os gastos de mantemento.

Ante esta sentenza cabe recurso pero agardamos e confiamos en que a SEIPSE, dependente de Institucións Penitenciarias do Ministerio de Interior, desista do seu empeño de asfixiar ao concello coruñés reclamándolle cantidades exorbitantes cando o Convenio de 2005 xa foi anulado.

Ademais, a decisión de ceder gratuitamente os inmóbeis que albergaban antigos cárceres ten xa precedentes no Estado español, como o caso de Soria ou Granada, polo que non é comprensíbel que non se manteña a mesma actitude a respecto do cárcere da Coruña.

Neste momento, a vía máis acertada é a negociación entre o Concello da Coruña e o Ministerio para poder levar adiante a recuperación e rehabilitación do inmovible do antigo cárcere e a súa posterior cesión gratuíta ao concello.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas con resposta escrita dirixidas ao Goberno:

1. Está o Ministerio de Interior, nomeadamente a SIEPSE, disposto a renunciar á reclamación xudicial e non interpor recurso ante a sentenza do Xulgado de Primeira Instancia número cinco da Coruña que declarou nulo o Convenio asinado entre o Concello da Coruña e o Ministerio en 2005 en relación ao antigo cárcere da Coruña?



2. Negociará co Concello da Coruña a recuperación e rehabilitación do antigo cárcere e a súa cesión gratuíta?
3. Adoptará o Ministerio de Interior e a SEIPSE a mesma estratexia en relación co cárcere da Coruña que a xa seguida con outras construcións semellantes en outros lugares do Estado en que cedeu os terreos e inmóbeis que albergaron cárceres aos concellos?
4. Acatará a sentenza que conclúe que as dúas administracións non tiñan que acordar a permuta de parcelas dado que non se poden intercambiar bens de dominio público, só bens patrimoniais?
5. Cesará o Ministerio no seu empeño de reclamar unha indemnización millonaria ao concello da Coruña dado que, tal e como quedou claro na citada sentenza, non lle corresponde pagar nada?
6. Cal é a disposición do Ministerio de Interior a dialogar co concello da Coruña para pór fin a actual situación de bloqueo e proceder á rehabilitación e cesión do antigo cárcere?

Madrid, a 10 de novembro de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la recuperación y rehabilitación de la antigua cárcel provincial de A Coruña y su posterior cesión gratuita al ayuntamiento.**

La antigua cárcel de A Coruña está situada en una parcela que, en su día, fue cedida por el ayuntamiento. Esta edificación que en 2027 cumplirá un siglo de existencia, en 1998 dejó de tener uso carcelario, aunque mantuvo funciones de inserción social hasta 2009.

Con el objetivo de recuperar los terrenos, el Concello de A Coruña firmó un Acuerdo con el Ministerio de Interior, mediante la Sociedad de Infraestructuras y Equipamientos Penitenciarios y de la Seguridad del Estado (SIEPSE) en 2005 a cambio de ceder la parcela que ocupa el centro de inserción social de Monte Alto y pagar además una cantidad cifrada en 1,2 millones de euros.

Sin embargo, nueva documentación de los años 20 sobre el acuerdo entre Estado y Concello para la construcción de la cárcel, hecha pública en 2013, descubrió que se había pactado que el edificio, cuando ya no tuviera uso carcelario debía revertir en el Concello de forma gratuita. A pesar de la claridad de los documentos, SEIPSE decidió acudir a los tribunales para reclamar el pago.

Aunque en julio del 2020, el Tribunal Supremo sentenció que la reversión gratuita no era posible, de forma paralela, la SEIPSE había abierto una segunda vía judicial en el año 2014 que permaneció paralizada en espera de si se podía alcanzar un acuerdo entre ambas administraciones.



La SEIPSE activó el año pasado este procedimiento según el cual demandaba al Concello casi 15 millones de euros por varios conceptos. Con todo, la sentencia que acaba de dictarse en este proceso le da la razón al ayuntamiento y desestima la demanda de la SEIPSE.

Así, el Juzgado de Primera Instancia número cinco de A Coruña acaba de declarar nulo el Convenio de 2005 e indica que las Administraciones no podían haber acordado el intercambio de parcelas pues no es posible la permuta de bienes de dominio público, solo de bienes patrimoniales. El Juzgado indica que “la demandante no entregó nada al ayuntamiento, con lo que nada tiene que devolver”. De igual manera, en referencia a los gastos de mantenimiento, se señala que “se trata de uno bien que, a consecuencia de la nulidad del convenio, es propiedad de SEIPSE”, a quién le corresponde los gastos de mantenimiento.

Ante esta sentencia cabe recurso pero esperamos y confiamos en que la SEIPSE, dependiente de Instituciones Penitenciarias del Ministerio de Interior, desista de su empeño de asfixiar al ayuntamiento coruñés reclamándole cantidades exorbitantes cuando el Convenio de 2005 ya fue anulado.

Además, la decisión de ceder gratuitamente los inmuebles que albergaban antiguas cárceles tiene ya precedentes en el Estado español, como el caso de Soria o Granada, por lo que no es comprensible que no se mantenga la misma actitud a respeto de la cárcel de A Coruña.

En este momento, la vía más acertada es la negociación entre el Concello de A Coruña y el Ministerio para poder llevar adelante la recuperación y rehabilitación del inmueble de la antigua cárcel y su posterior cesión gratuita al concello.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas con respuesta escrita dirigidas al Gobierno:

1. ¿Está el Ministerio de Interior, concretamente la SEIPSE, dispuesto a renunciar a la reclamación judicial y no interponer recurso ante la sentencia del Juzgado de Primera Instancia número cinco de A Coruña que declaró nulo el Convenio firmado entre el Ayuntamiento de A



Coruña y el Ministerio en 2005 en relación a la antigua cárcel de A Coruña?

2. ¿Negociará con el Ayuntamiento de A Coruña la recuperación y rehabilitación de la antigua cárcel y su cesión gratuita?
3. ¿Adoptará el Ministerio de Interior y la SEIPSE la misma estrategia en relación con la cárcel de A Coruña que la ya seguida con otras construcciones semejantes en otros lugares del Estado en que cedió los terrenos e inmuebles que albergaron cárceles a los ayuntamientos?
4. ¿Acatará la sentencia que concluye que las dos administraciones no tenían que acordar la permuta de parcelas dado que no se pueden intercambiar bienes de dominio público, solo bienes patrimoniales?
5. ¿Cesará el Ministerio en su empeño de reclamar una indemnización millonaria al ayuntamiento de A Coruña dado que, tal y como quedó claro en la citada sentencia, no le corresponde pagar nada?
6. ¿Cuál es la disposición del Ministerio de Interior a dialogar con el Concello de A Coruña para poner fin a actual situación de bloqueo y proceder a la rehabilitación y cesión de la antigua cárcel?

Madrid, a 10 de noviembre de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso